

### III PREMIOS ÁS BOAS PRÁCTICAS EN IGUALDADE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

A igualdade de oportunidades de mulleres e homes é un dereito fundamental e o alicerce para acadar un mundo igualitario e equitativo, ademais de ser fundamental para o desenvolvemento sustentable da sociedade.

Así, a promoción da igualdade entre mulleres e homes require adoptar medidas de acción positiva, eficaces e reais, dirixidas a erradicar as situacións de discriminación que, por razón de sexo, sofren as mulleres, e evitar os obstáculos que impiden lograr a participación equilibrada de mulleres e homes nos ámbitos público e privado.

A Deputación de Pontevedra convoca, a través do Servizo de Igualdade, a terceira edición dos Premios ás Boas Prácticas en Igualdade —cunha acollida moi destacable en edicións anteriores, ata 86 candidaturas e 15 entidades premiadas, ademais de cinco distincións honoríficas—, coa finalidade de distinguir as persoas e entidades que realizaron actividades e prácticas eficaces e relevantes para conseguir a igualdade real, co obxectivo de recoñecer as boas prácticas e as experiencias proveitosas e eficaces para estimular as actuacións a favor da igualdade real entre mulleres e homes, ademais da eliminación da violencia machista.

Desde o punto de vista competencial, a igualdade como dereito está recollida nos artigos 9.2 e 14 da Constitución española co obxectivo de acadar unha sociedade máis democrática, xusta e solidaria. O principio de igualdade de trato entre mulleres e homes supón a ausencia de calquera discriminación, directa ou indirecta, por razón de xénero, en todos os ámbitos da vida, concretamente nas áreas económica, social, laboral, cultural e educativa.

Na Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que se constitúe como o marco xurídico e legal da igualdade no ámbito de todo o Estado español; na Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, recóllese que os poderes públicos incorporarán, no marco das súas competencias, medidas tendentes a acadar a igualdade efectiva e impulsarán campañas de información e sensibilización específicas co fin de previr a violencia de xénero.

No ámbito local, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a

cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e no artigo 118.d, a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Por todo o exposto, a Deputación de Pontevedra establece as bases reguladoras da terceira edición destes premios, ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP); na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra; e na demais normativa de aplicación, de acordo coas seguintes

## BASES REGULADORAS

### Primeira. Obxecto

Constitúe o obxecto destas bases aprobar e regular a convocatoria da III edición dos Premios ás Boas Prácticas en Igualdade da Deputación de Pontevedra, nas categorías establecidas na base terceira, coa finalidade de recoñecer publicamente o esforzo realizado polas distintas entidades en materia de igualdade de xénero e contra a violencia machista na provincia de Pontevedra.

### Segunda. Finalidade

A finalidade destes premios é distinguir as actividades, proxectos ou programas executados por persoas físicas e entidades que destaquen como boas prácticas en igualdade de xénero e contra a violencia machista na provincia de Pontevedra.

Enténdese por boas prácticas aquelas cuxos resultados fosen capaces de reducir as situacións de discriminación e tivesen efectos positivos, que favorecesen a igualdade entre mulleres e homes e a eliminación da violencia de xénero.

## Terceira. Modalidades dos premios e procedemento de concesión

### A. Premios

1. Premio ás boas prácticas en materia de igualdade en entidades de iniciativa social.

Nesta categoría premiaranse entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que realicen actividades ou proxectos sobre a igualdade de xénero ou a erradicación da violencia de xénero.

2. Premio á mellor iniciativa cultural en materia de igualdade.

Nesta categoría premiaranse persoas físicas ou entidades culturais sen ánimo de lucro pola súa actividade a través de actuacións artísticas, teatrais, musicais ou literarias para a consecución da igualdade de oportunidades de mulleres e homes.

3. Premio á mellor iniciativa deportiva en igualdade.

Nesta categoría premiaranse persoas físicas ou entidades deportivas que fomenten a práctica deportiva en condicións de igualdade entre nenas e nenos ou entre persoas adultas para romper cos estereotipos de xénero existentes e contribuír a erradicar a violencia de xénero no deporte.

4. Premio á mellor iniciativa educativa de igualdade.

Nesta categoría premiaranse centros educativos da provincia de Pontevedra que teñan incorporado no seu proxecto educativo a igualdade de oportunidades e que esta se traballe nas distintas etapas educativas, ou asociacións de pais e nais do alumnado que realicen nos centros educativos actuacións dirixidas tanto ao alumnado coma ao profesorado e ás familias, co fin de fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e erradicar a violencia de xénero.

### B. Distincións honoríficas

Poderán propoñerse as seguintes distincións honoríficas:

1. Persoas físicas que, pola súa traxectoria ou labor, contribuísen á igualdade de oportunidades das mulleres ou á erradicación da violencia de xénero na provincia de Pontevedra de forma continuada e relevante.

2. Entidades locais da nosa provincia que elaboren ou desenvolvan actuacións, medidas ou prácticas novidosas en materia de igualdade entre mulleres e homes e sobre as diferentes formas de violencia que se exercen sobre as mulleres.
3. Entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que desenvolvan actividades e prácticas eficaces e relevantes na consecución da igualdade real de mulleres e homes, así como recoñecer as boas prácticas e experiencias proveitosas e eficaces para estimular as actuacións en favor da igualdade e da eliminación da violencia machista.
4. Organismos públicos que desenvolvan un labor destacado no ámbito da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e da loita contra a violencia de xénero.

En caso de que non se recibise ningunha candidatura para algunha das modalidades ou de que ningunha delas obtivese a valoración favorable necesaria para optar aos premios correspondentes, a Comisión de Valoración poderá declarar deserto o premio nesa modalidade.

O procedemento de concesión levarase a cabo en réxime de concorrencia competitiva e axustarase aos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación recollidos no artigo 8.3 da LXS.

Cuarta. Contía dos premios e distincións

- A. Os premios que se convocan están dotados cun importe total de dezaseis mil euros (16.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 26/250.2315.480.06 do Orzamento ordinario do organismo provincial.

Haberá unha dotación económica de catro mil euros (4.000 €) por modalidade. En cada unha delas haberá un primeiro premio de tres mil euros (3.000 €) e un accésit de mil euros (1.000 €).

Estes galardóns estarán suxeitos á retención do IRPF correspondente á lexislación vixente no momento da resolución e aboaranse mediante transferencia á conta bancaria indicada pola persoa ou entidade premiada da que sexa titular a beneficiaria.

#### B. Distincións honoríficas

Nesta modalidade non se concederán premios económicos. As persoas ou entidades galardoadas recibirán un documento acreditativo da concesión do premio, que constituirá unha declaración formal do recoñecemento ás actividades e proxectos obxecto da convocatoria.

#### Quinta. Persoas e entidades destinatarias

Poderán ser destinatarias dos premios as persoas físicas ou xurídicas que reúnan os requisitos que se recollen a continuación e que desenvolvan ou desenvolvesen actuacións nalgunha das modalidades previstas na base terceira:

##### A. Premios

- Persoas físicas que, na data de presentación de solicitudes, estean empadroadas nalgún concello da provincia de Pontevedra ou que teñan unha especial vinculación coa nosa provincia.
- Entidades de iniciativa social, culturais, deportivas, sen ánimo de lucro, legalmente constituídas e inscritas no rexistro público correspondente con sede social na provincia de Pontevedra.
- Centros educativos da provincia de Pontevedra.
- Asociacións de nais e pais de alumnado (ANPA) dos centros educativos sustentados con fondos públicos da provincia de Pontevedra.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

##### B. Distincións honoríficas

- Persoas físicas que na data de presentación de solicitudes estean empadroadas nalgún concello da provincia de Pontevedra ou que teñan unha especial vinculación con esta provincia.
- Entidades locais da provincia de Pontevedra.
- Entidades de iniciativa social da provincia de Pontevedra.
- Organismos públicos da provincia de Pontevedra.

#### Sexta. Presentación das candidaturas e modalidade

Poderán concorrer as persoas físicas e xurídicas comprendidas na base anterior para cada unha das modalidades propostas. Así mesmo, poderán presentar candidaturas, a favor de terceiras persoas, calquera outra persoa física ou xurídica, as entidades do terceiro sector de acción social e outras entidades públicas ou privadas.

Con carácter excepcional, e de forma motivada, as persoas integrantes da Comisión de Valoración poderán presentar, de oficio, as candidaturas de terceiras persoas á modalidade de distincións honoríficas que, pola súa relevancia, exemplaridade, notoriedade ou mérito estimen procedente. Estas candidaturas serán avaliadas por esta comisión en condicións de estrita igualdade.

As candidaturas aos premios presentaranse por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

As candidaturas ás distincións honoríficas poderán propoñerse por iniciativa de organismos públicos, asociacións de mulleres ou entidades de iniciativa social.

Para a súa presentación a Sede electrónica admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

#### Sétima. Prazo de presentación

As candidaturas poderán presentarse a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións e ata o 1 de outubro

#### Oitava. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF das persoas físicas ou xurídicas autocandidatas.
- NIF das persoas representantes, no seu caso.
- Certificado de residencia das persoas físicas autocandidatas.
- Domicilio fiscal, no caso das persoas xurídicas autocandidatas.

Se se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo marcando o cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase obter estes datos, poderáselles solicitar ás persoas ou entidades interesadas que presenten os documentos correspondentes.

#### Novena. Documentación

##### a. Entidades e organismos públicos

Xunto coa solicitude deberá presentarse unha memoria, preferiblemente cun máximo de 25 páxinas, do proxecto ou da actividade desenvolvida pola entidade, que deberá incluír información suficiente para poder valorar a proposta e, preferentemente:

- a) Portada (incluídos o título e os datos básicos da entidade).
- b) Índice.
- c) Relación completa de profesionais participantes no proxecto.
- d) Desenvolvemento do proxecto, que conterá:
  - 1.º. Xustificación das actuacións.
  - 2.º. Obxectivos.
  - 3.º. Poboación á que vai dirixido.
  - 4.º. Accións, procedementos e recursos.
  - 5.º. Temporalización ou calendarización das actuacións.
  - 6.º. Avaliación do proxecto (cualitativa e cuantitativa).
- e) Valoración dos resultados do proxecto en relación coa promoción da igualdade entre mulleres e homes.
- f) Proxectos de actuación para o futuro como consecuencia do traballo realizado.
- g) Argumentación sobre os méritos que concorren para merecer o premio como boa práctica que incidiu favorablemente na igualdade entre mulleres e homes e na eliminación da violencia de xénero.
- h) Calquera outra información que se considere necesaria.

b. Persoas físicas

Xunto coa solicitude deberá presentarse unha memoria xustificativa dos méritos e razóns que motivaron a presentación da proposta (preferiblemente cun máximo de 2.500 palabras).

Así mesmo, acompañarase a solicitude preferiblemente de:

- Currículum vítae.
- Outra documentación relevante que considere a persoa solicitante.

Décima. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións realizaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde <https://sede.depo.gal>, e entenderanse practicadas no momento en que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada, e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo primeira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicáráselle que, en caso de non facelo, se entenderá que desiste a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante este procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo

“2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento de que se trate. No formulario deberase indicar, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en:

<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>

Décimo segunda. Procedemento de concesión e resolución do procedemento

O procedemento de concesión dos premios será o de concorrencia competitiva, previsto no artigo 22 da LXS, conforme os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos que se sinalan no artigo 8.3 da devandita lei.

O procedemento de concesión atenderá ao establecido na LXS e no seu regulamento de desenvolvemento, coas características que establecen estas bases reguladoras.

A instrución do procedemento corresponderalle á xefa do Servizo de Igualdade.

A concesión aprobaraa o órgano competente, logo da fiscalización da Intervención.

A resolución derivada da decisión da Comisión de Valoración farase pública no BOPPO, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP, e tamén se publicará en [www.depo.gal](http://www.depo.gal). Na resolución expresarase o réxime de recursos correspondente.

#### Décimo terceira. Comisión de Valoración

A selección e a concesión dos premios obxecto desta convocatoria realizaranse segundo a proposta dunha Comisión de Valoración nomeada polo presidente da Deputación ou pola deputada ou deputado en quen delegue.

Esta resolución de nomeamento publicarase na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

A Comisión de Valoración estará integrada por persoal da institución provincial e/ou por profesionais con experiencia en cada unha das categorías dos premios, que axustarán a súa actuación ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Esta comisión analizará as candidaturas presentadas e valoraraas tendo en conta a traxectoria e o talento das persoas e entidades propostas, a inclusión da perspectiva de xénero nos seus traballos e o activismo na defensa da igualdade de oportunidades; tamén aquelas iniciativas realizadas co fin de reducir as situacións de discriminación e que tivesen efectos positivos para favorecer a igualdade entre mulleres e homes e a eliminación da violencia de xénero.

O ditame da Comisión de Valoración será inapelable.

Así mesmo, esta poderá declarar deserto calquera dos premios se considera que ningún dos proxectos presentados reúne os méritos suficientes para ser premiado. Tamén poderá contar coa presenza e a asistencia de persoas expertas nas diferentes áreas e solicitar canta información adicional considere oportuna para a súa resolución.

As persoas integrantes da Comisión de Valoración percibirán as indemnizacións correspondentes por gastos de asistencia ás reunións nas que se redacte unha acta, nas mesmas condicións que os cargos electos, cos importes establecidos na base 52.ª.2.b do Orzamento da Deputación de Pontevedra de 2026. Estes gastos imputaranse á aplicación orzamentaria 26/250.2315.226.99.

#### Décimo cuarta. Acto de entrega dos premios

Estes premios entregaranse nun acto público, convocado para tal fin, no que se poñerán en valor a traxectoria das persoas e o papel destacado das entidades premiadas.

A Deputación de Pontevedra notificaralles ás persoas e entidades premiadas, coa suficiente antelación, a data e mais o lugar de realización da entrega dos premios.

#### Décimo quinta. Pagamento

Os premios aboaranse unha vez publicada a resolución definitiva. Así mesmo, de acordo co establecido no artigo 101 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do imposto da renda das persoas físicas, a retención que se lles practicará ás premiadas que sexan persoas físicas será do 15 % do importe.

O pago realizarase, logo da fiscalización da Intervención, unha vez exista constancia de que a persoa, entidade ou organismo premiado reúne os requisitos previstos nas presentes bases e declare estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

#### Décimo sexta. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.